

O TEATRO GREGO

Dimensións do teatro

- ☞ O teatro grego constitúe unha das manifestacións máis importantes da vida **política** e **social** de Atenas no s.V a.C.
- ☞ Lonxe de ser só unha expresión literaria máis do rico momento cultural que viviu a cidade durante todo este período, o teatro representa un fenómeno cultural complexo no que se encontran aspectos tan diferentes como a participación nunha actividade **relixiosa**, unha activa conciencia **política** e a expresión da extraordinaria vitalidade **social** do momento.
 - En primeiro lugar, o teatro grego introdúcese de cheo no universo **relixioso** heleno. A súa representación tiña lugar no medio dalgunhas festas (Leneas, Dionisias rurais e **Dionisias urbanas ou Grandes dionisiácas**) asociadas ó culto de **Dioniso**. A maioría delas eran festas de tipo agrícola que tiñan como finalidade propiciar a abundancia e a fertilidade das forzas da natureza.
 - En segundo lugar, o teatro grego é un feito marcadamente **político e social** en dous sentidos fundamentais: primeiro, porque se utilizaba como medio de clara **propaganda política** nunha época do ano (a primavera) na que Atenas, debido ó comezo da navegación tralo paréntese invernal, se encontraba chea de estranxeiros que se encargarian, á súa volta, de espallar por tódolos recunchos de Grecia a grandeza da cidade cabeza do imperio heleno. Estas festas tamén eran o momento no que se pagaba o tributo ó imperio ateniense. Os cartos levábanse ó teatro e exhibíanse ante a audiencia. En segundo lugar, porque toda a comunidade dun xeito ou doutro víase implicada na representación teatral e recibíaa coma un aspecto máis da súa vida política. Non podemos esquecer que feitos como a subvención do teatro por parte do estado, a **coregía (servicio público que facía que un cidadán acaudalado correra cos gastos da representación)** ou a obriga de todo cidadán a ser **coreuta** confiren a este espectáculo ese definitorio carácter político-social.

Proceso de preparación

- ☛ O Estado, responsable dos festexos ante o pobo e ante Dioniso, poñía ó servizo da representación os seus recursos organizadores.
- ☛ O **arconte epónimo** tiña como función de máxima responsabilidade designar cuns meses de adianto ós autores, actores, protagonistas e coregos que ían ocuparse ese ano de ditirambos (forma de lírica coral dedicada ó deus Dioniso), comedias e traxedias.
- ☛ O terceiro conxunto de personaxes que debía seleccionar o **arconte** eran os **coregos**, é dicir, aqueles que financiaban a montaxe da obra. Ó parecer, o sistema beneficiaba a todos; ó corego porque o seu nome facíase popular e o seu recordo mantiñase se gañaba o concurso; e á organización do concurso, porque con seguridade o corego gastaba bastante máis do que lle correspondía, nun intento lóxico de triunfar.
- ☛ Unha vez escollidos os protagonistas, autores e coregos, o arconte epónimo limitábase a presidir o **sorteo** que os emparellase. No caso da traxedia, saían sucesivamente os nomes dos tres coregos seleccionados e estes, por orde, escollían autor e actores. Conxuntar un autor e un actor ben compenetrados e de grande calidade era a clave para o éxito. Logo, cada protagonista tomaba consigo, por libre designación un deuteragonista e un tritagonista.
- ☛ Reunidos xa o corego, o actor e o autor comezaban a traballar. O primeiro era reunir o **coro**, formado por xente común, simples cidadáns da tribo do corego e de outra que lle correspondía por sorte. A partir da súa designación, estes coros ensaiaban sen descanso nas casas dos coregos, baixo a vixilancia dun administrador. Os poetas, sobre todo os cómicos, ultimaban as súas obras, para axusta-las ás últimas novas; os pintores de decorados elaboraban os seus paneis de fondo, artesáns, xastres e actores discutían pola forma dunha máscara ou un disfraz, os músicos facían os últimos arranxos de acordo cos poetas...

Descrición do certame

As Grandes Dionisíacas estendíanse do **8 ó 14 do mes de Elafebolión (Marzo)** cando xa as naves saían ó mar tralo paréntese invernal e Atenas enchíase de visitantes. Para un simple cidadán de finais do s.V que non participase na organización das festas, o programa presentábase así:

1. O **día 8** comezaban as actividades no Odeón de Pericles, ó lado do teatro. Neste recinto celebrábase o proagón ou introducción ós festexos: poetas, actores, músicos...facían público o título e o reparto das obras que ían representar, expoñendo algún comentario ó respecto. Ó chegar a noite, unha procesión saía do apartado barrio da Academia

trasladando unha vella imaxe de Dioniso ata o santuario que se achaba xunto ó teatro.

2. As festas comezaban propiamente ó amencer do **día 9**. Entón unha nova procesión poríase en marcha; nela ía probablemente o carro naval de Dioniso, unha carruaxe en forma de buque que recordaba a navegación do deus ata a Ática. Esta procesión levaba un touro ata o recinto sagrado onde se achaba a imaxe dende o día anterior e alí sacrificábano. Trala a ofrenda, a xente acomodábase no teatro e comezaba o concurso de **ditirambos**. Ó longo da tarde cantábanse dez ditirambos, uns con coros de adultos e outros con coros de nenos, formándose así dúas probas distintas.
3. **O día 10** estaba destinado ó concurso de **comedias**: da mañá á noite, dende principios do s.V a .C representábanse cinco comedias cada unha a cargo dun número indeterminado de actores e 24 coreutas.
4. **Os días 11, 12 e 13** dedicábanse á representación en cada data dun ciclo formado por tres **traxedias** (triloxía), en principio do mesmo autor.
5. Finalmente, **o día 14** o xurado emitía **o veredicto do concurso**, repartíndose os premios. As festas concluíran; só quedaba que, un par de días máis tarde, se reunira a asemblea cidadán para dirixir unha louvanza ou, polo contrario, unha reprobación ó arconte pola labor levada a cabo.

A traxedia

Orixes da traxedia

- ☞ A traxedia (τράγος + ὤδή: canto do macho cabrío) nace cando na festa do deus Dioniso uns coreutas (compoñentes do coro), envoltos en peles de macho cabrío, cantan e bailan recitando ó son da música escenas da vida do deus.
- ☞ No ano 534 o poeta Tespis mantivo un diálogo co coro, utilizando varias máscaras e representando diferentes papeis. Foi o nacemento do teatro grego.

Temática

- ☞ As primeiras traxedias atenienses baseábanse, fundamentalmente, en lendas populares; a audiencia sabía en liñas xerais o que ía a suceder, aínda que o dramaturgo ás veces permitíase algunha sorpresa.
- ☞ A arte estaba no diálogo, a música e a posta en escena.
- ☞ Estas traxedias teñen moito en común co musical moderno, xa que na súa maior parte eran faladas, pero con acompañamento de coro e baile.

Coro

- ☞ Ó principio, o coro era o elemento máis relevante da traxedia pero pouco a pouco a súa importancia irá decaendo.
- ☞ O coro, cantando, soia anticipar os seus sentimentos ós de protagonista sobre o que ía suceder.
- ☞ É considerado un personaxe colectivo e anónimo que representa habitualmente á opinión pública.
- ☞ O coro está na orquestra porque a súa función é eminentemente lírica; ten que moverse, bailar, danzar (precisamente, orquestra é da raíz de orchéomai, ("bailar").
- ☞ Estaba formado por coreutas e dirixido polo corifeo.

Personaxes

- ☞ A orixe dos personaxes da traxedia é case sempre a epopea, ante todo os poemas homéricos. Os personaxes tráxicos son, pois, os épicos a grandes liñas.
- ☞ Os heroes tráxicos están por enriba do humano; a traxedia non os expón como exemplo digno de ser imitado, senón a modo de paradigma que faga reflexionar sobre os límites da natureza humana.

Os poetas tráxicos

Os principais poetas tráxicos, Esquilo, Sófocles e Eurípides, viviron en Atenas no século V a. C.

Esquilo (525 a.C.)

- ☞ Introduce o segundo actor e fai posible un verdadeiro diálogo e o desenvolvemento da acción dramática.
- ☞ Utiliza a triloxía; tres traxedias que tratarán de tres fases sucesivas do mesmo mito, seguidas por unha obra satírica sobre unha historia intimamente relacionada.
- ☞ As súas obras mostran unha gran fondura relixiosa; os personaxes sofren os designios do fado e están estreitamente relacionados coas divindades acadando a salvación só a través da dor.
- ☞ Os personaxes principais non mostran complexas elaboracións, pois son máis típicos que individuais.
- ☞ Das sete obras que se conservan, seis dramatizan lendas heroicas: Suplicantes, Sete contra Tebas, Prometeo encadeado e a Orestíada, integrada por Agamenón, Coéforas e Euménides.
- ☞ A obra Persas é a única traxedia conservada sobre un tema tomado da historia contemporánea; o enfrontamento da minúscula Grecia coa enorme Persia.

Sófocles (496 a.C.)

- ☞ Nace nos primeiros anos do século V a. C e morre nos momentos finais dese mesmo século, o que supón unha longa existencia ó longo do século de ouro da Grecia clásica.
- ☞ Os seus heroes e heroínas están inmersos en circunstancias nas que deben actuar, e mediante as súas accións, que a miúdo teñen consecuencias trágicas, mostran a súa talla heroica.
- ☞ Os nomes individuais dos títulos mostran que ó autor lle interesa a traxedia que vive o personaxe individual; centra as obras no destino dun home.
- ☞ Sófocles foi un innovador na traxedia:
- ☞ introduce un terceiro actor en escena co que a acción dramática gaña maior riqueza escénica.
- ☞ incrementa o coro de doce a quince coreutas e terá un papel máis equilibrado e menos importante.
- ☞ incrementa o protagonismo dos actores e o papel do coro, antes elemento central, foi diminuindo en importancia, quedando relegado paulatinamente a ser un mero comentador do que sucedía na escena entre os actores individuais.
- ☞ rexeita a triloxía que Esquilo mantivera primordialmente; concéntrase así a acción sobre un só individuo e da un argumento independente a cada obra.
- ☞ introduce o decorado co que buscaba dar unha impresión máis colorista e viva; o impulso máis influente procede da pintura, pois o público, contemporáneo dos progresos pictóricos, buscará na escena atractivos pictóricos.
- ☞ Coñécense del arredor de 130 obras das que se conservan sete: Ajax, Antígona, As Traquinias, Edipo Rei, Edipo en Colono, Electra, Filoctetes.

Edipo Rei

- É un "drama de revelación", de progreso inexorable cara o descubrimento da verdade e, ó tempo, mostra unha investigación sobre o ser mesmo do home: é a imaxe mesma do home que busca a liberdade e busca saber.
- Sófocles constrúe no seu Edipo Rei unha traxedia dedicada principalmente ó descubrimento dun mal xa existente: Edipo, soberano de Tebas, é levado polo poeta, paso a paso ata descubrir a súa orixe e o seu destino fatal: sen sabe-lo, foi o asasino do seu pai, está casado coa súa propia nai e é causa por elo da peste de Tebas.
- É trágico o destino de Edipo e hai grandeza nel. A condena que lanzou contra o asasino de Laio cae sobre el mesmo, este é o terrible descubrimento: é el o asasino, o esposo da súa nai. Alomenos, a cidade queda así liberada da peste e el encontra consolo na compañía das súas fillas. A continuación da súa traxedia atópase noutra obra, Edipo en Colono.

Eurípides (480 a. C)

- ☞ Hai varios caracteres que o distinguen dos seus predecesores e que o singularizan fortemente nunha nova dirección dramática, entre eles destacamos:
 - ☞ Un acercamento ó home que supón a racionalización do mito.
 - ☞ Un afastamento da concepción tradicional da divindade, dando unha nova visión do mundo dos deuses.
 - ☞ Estes cambios son consecuencia do seu intelectualismo e da influencia da ideoloxía racionalista dos sofistas e filósofos.
 - ☞ Prefire os puntos de vista non convencionais nin tradicionais e os personaxes sociais insignificantes como os escravos, os fillos ilegítimos, as mulleres; loita contra a superstición e favorece un perfil humanitario e liberal á luz do escepticismo de fins do século V.
 - ☞ Os seus heroes e heroínas míticos, vestidos con prendas apropiadas ó seu sufrimento, describen as súas desgracias nunha linguaxe contemporánea e en termos humanos. Presenta os homes como son na vida real, cos seus conflitos interiores.
 - ☞ As súas innovacións non son moi importantes:
 - un prólogo que avanza o tema da obra.
 - coro separado da acción.
 - a aparición do "*deus ex machina*", "deus dende un artefacto", polo que unha grúa facía que os deuses descenderan á terra ou volveran ó Olimpo. A súa función era introducir unha inesperada intervención que resolvera unha dificultade.
 - ☞ Conservamos 19 obras. Temos entre elas Alceste, Medea, Hipólito, Electra, Ifigenia en Táuride, Ifigenia en Áulide, Bacantes, Orestes, Hécuba e Troianas.